

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/07/2021 9:48:05

SAIDA


11597/21




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 85/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 10 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Brión aos convenios asinados, ás declaracións de bens e actividades e, de ser o caso, aos recoñecementos de compatibilidade.

O reclamante indicaba que presentara a súa solicitude o 7 de maio de 2021 sen ter recibido resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 14 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Brión para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A administración recibiu a solicitude o 15 de xuño de 2021.

Terceiro. O 15 de xuño de 2021 ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo un escrito do recorrente no que aclara que reclama polo incumprimento da administración da obriga de publicidade activa que lle incumbe con respecto á documentación referida.

Cuarto. Con data do 28 de xuño de 2021 o Concello de Brión contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indica que non se tramitou a solicitude no prazo preceptivo dun mes dado que os servizos administrativos do concello carecen do tamaño necesario para atender todas as peticións que reciben.

Entrando no fondo do asunto, aclara que acordou publicar as declaracións de bens e actividades dos membros da corporación correspondentes ao mandato vixente o 15 de xuño de 2021, previa disociación dos datos de carácter persoal e da localización dos inmobles referidos nelas. Polo que respecta aos recoñecementos de compatibilidade, afirma que o Concello de Brión non adoptou ningunha resolución dese tipo. Finalmente, en relación cos convenios asinados, informa de que os servizos administrativos están traballando na súa publicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Brión non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O escrito que o reclamante presentou o 15 de xuño de 2021 pon de manifesto que esta é unha reclamación polo incumprimento das obrigas de publicidade activa que lle afectan ao Concello de Brión. Neste sentido, na Resolución desta Comisión do 2 de maio de 2019 no expediente RSCTG 43/2019, xa se manifestou que:

a Comisión de Transparencia de Galicia carece de competencias en materia de control da publicidade activa por parte das entidades locais, ao non estar incluídas dentro do ámbito de aplicación da Lei 1/2016, sendo competente unicamente para a resolución das reclamacións contra a resolución expresa ou en materia de acceso á información, de conformidade co disposto na disposición adicional quinta da referida Lei.

Por conseguinte, esta Comisión non pode examinar o contido desta reclamación e ha de inadmitila. Así e todo, este pronunciamento non prexulga o dereito do reclamante a solicitar o acceso á devandita documentación. En todo caso, conséntase que xa figuran publicadas no portal de transparencia do Concello de Brión as relacións dos convenios asinados en 2019 e en 2020 e as declaracións de bens e actividades dos representantes públicos.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 10 de xuño de 2021 contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Brión aos convenios asinados, ás declaracións de bens e actividades e, de ser o caso, aos recoñecementos de compatibilidade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.22 11:49:41 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.